DESPOIS DE MANTER DÚAS XUNTANZAS COA AFILIACIÓN (MES DE MARZO E ABRIL) NAS QUE SE DEBATIU A SITUACIÓN CONCURSAL DE PESCANOVA, A CIG FAI PÚBLICAS AS SEGUINTES CONSIDERACIÓNS:

1º.- Entendemos que o dano feito polo equipo directivo e polo consello de administración á imaxe de Pescanova é de enorme gravidade.

2º.- Compartimos e aprobamos o auto do xuíz mediante o que se aparta da xestión ao presidente do consello de administración, Manuel de Sousa.

3º.- Urximos á administración concursal e á 'forense' KPGM a que acurten o máximo posíbel os prazos de presentación das contas e dun plan estratéxico que permita renegociar a débeda con bancos e acredores para lograr liquidez e reiniciar unha nova etapa de maior transparencia, rigor e seriedade cara ao conxunto de actores que interveñen na actual situación (bancos, accionistas, clientes, provedores, representación sindical e Administración pública).

4º.- Esiximos o mantemento de todos os postos de traballo nas distintas empresas do grupo Pescanova, así como das condicións económicas e sociais presentes nos seus convenios de empresa. Defenderemos os actuais convenios colectivos e reclamaremos incrementos salariais "tendo en conta os bos resultados económicos obtidos en 2012" e recoñecidos polos propias xerencias nos centros de traballo de Frivipesca, Frinova, Frigodis e Baixamar Sete.

5º.- Rexeitamos a conxelación salarial asinada pola maioría do comité de Frivipesca porque asinar a conxelación salarial ou o incremento 0% non garante nin favorece para nada o mantemento do emprego. A CIG xa non asinou en ningún destes centros o incremento vinculado a produción que a maioría do comité aceptou coa xustificación de colaborar coa empresa, e polo contrario estamos en concurso. A CIG entende que o medo e incluso a preocupación que nós compartimos non se combate con actitudes como as que ten o actual comité de empresa, que rexeitou -a excepción da CIG- unha

convocatoria de asemblea para explicar por parte dos sindicatos a súa opinión e visión do futuro da empresa. Diante disto, preguntámonos: ¿A que teñen medo?, ¿que esconden? Se a díaa de hoxe non se convoca unha asemblea para abordar a actual situación, ¿que terá que ocurrer para que se convoque?

A conxelación salarial non garante o mantemento do emprego. Con todo, a CIG esta disposta a negociar incluso a conxelación salarial, sempre que como contrapartida se aseguren os postos de traballo, non a conta de declaracións de "boas intencións" que para nada aseguran o noso futuro. Experiencia temos de abondo nos últimos tempos.

6º.- Por outra banda, consideramos moi preocupante o traslado de 17 persoas (técnicos e administrativos) de Pescanova a Frivipesca Chapela e 3 a Frinova -incluído o fillo do anterior presidente- xa que non existe ao día de hoxe información algunha sobre os motivos dese traslado. Polo contrario, desconfiamos, dada a pouca transparencia no traslado, que pode tratarse dun intento de sobrecargar as nóminas de Frivipesca ou de "salvar a eses traslados/as" da futura "queima" de Pescanova.

7º.- A presentación dun plan estratéxico é necesario e vital para xerar tranquilidade no conxunto do persoal. Neste plan é onde debe figurar os activos ou empresas que pechan ou se venden e como quedará o emprego en Galiza. A CIG vai defender os postos de traballo, así como unhas condicións laborais dignas utilizando como marco os convenios colectivos. Por certo, é falso que sexa necesario asinar o convenio con incremento 0% por que senón en xullo desaparecerían as condicións económicas e sociais do convenio. Desaparecerán en xullo, pero do ano que vén.

8º.- Non imos convocar ningunha mobilización que non sexa aprobada maioritariamente polo persoal nas súas respectivas asembleas.

9º.- Imos presentarnos no concurso de acredores para vixiar o proceso concursal (documentación), e defender en mellores condicións o emprego.

Para rematar, anunciar que abrimos unha consulta gratuíta e sen compromiso durante todo o mes de maio para atender a aquelas persoas non afiliadas a ningún sindicato co obxectivo de responder as dubidas e interrogantes sobre o actual proceso. O horario será os martes de 10.00 a 11.00 horas e os xoves de 18.00 a 19.00 horas.